



V CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS

CASA – MUSEO
MANUEL MARÍA

A Casa-Museo Manuel María, en colaboración con diferentes concellos galegos, Deputacións Provinciais e a Axencia Galega das Industrias Culturais, a través do Centro Dramático Galego, convoca a 5ª edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais

BASES

1. Fundamentación

A Casa-Museo Manuel María ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra do escritor chairego, así como a promoción da cultura galega en xeral. A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra, sendo o primeiro autor novo que publicou un libro en galego após a guerra civil (*Muiñeiro de brétemas*, 1950). O seu corpus literario comprende máis de cen obras e constitúe un dos territorios creativos máis ricos da literatura galega. A dominancia do xénero poético nesta produción non debe ocultar o seu abondoso e acertado cultivo do teatro. O escritor chairego, consciente do valor didáctico deste xénero, deixounos escritas máis de 30 pezas dramáticas de temática moi variada e de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) o que o converte nun dos dramaturgos galegos máis prolíficos. Por todo isto, a Casa-Museo Manuel María convoca o presente Certame segundo as seguintes bases:

2. Obxecto

O Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, de periodicidade bienal, ten por obxecto premiar a mellor proposta escénica sobre textos de Manuel María ou sobre a súa figura, que sexa presentada en tempo e forma segundo as presentes bases.

3. Participantes

3.1. Poderán presentar proxectos a este Certame persoas físicas ou xurídicas ligadas ás artes escénicas legalmente constituídas que acrediten a súa residencia en Galiza, que contaren ou foren contar con cobertura de produción para desenvolveren o proxecto.

3.2. Cada participante poderá presentar o número de proxectos que considerar oportuno. Pola súa parte, os/as artistas tamén poden facer parte de máis de un dos proxectos presentados.

4. Requisitos

Os proxectos presentados polos participantes deben reunir os seguintes requisitos:

–Referírense a un texto -ou varios combinados- da autoría de Manuel María ou que aborde algún aspecto da súa figura. Para estes efectos, a Casa-Museo porá a disposición de quen desexe participar o conxunto da obra teatral de Manuel María en formato PDF e mesmo colaborará na localización doutros textos ou documentación se o precisaren.

–Seren completamente orixinais.

–Teren unha duración mínima prevista de 45 minutos.

–Non ser beneficiario dunha axuda da Consellería de Cultura Educación, Formación Profesional e Universidades para o mesmo proxecto en concepto de axuda a produción.

5. Documentación a presentar

O proxecto deberá conter a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición incorporado como anexo 1.
- O proxecto completo e detallado do espectáculo, proposta escenográfica, tratamento dramaturxico, relación e currículo da/s persoa/s autora/s do proxecto, da dirección, da produción executiva, da escenografía, da iluminación e do reparto. No caso de se producir calquera adaptación do texto, deberase indicar detalladamente.
- O orzamento pormenorizado e a indicación clara do caché da compañía para a contratación da representación da obra, que nunca poderá superar a cantidade de 2.950 euros máis os impostos correspondentes.
- Calquera documentación complementaria sobre outros aspectos que permitan a valorización do proxecto.

6. Envío da documentación

A documentación deberá remitirse por correo electrónico a contacto@casamuseomanuelmaria.gal. Ademais, enviárase unha copia en papel por correo certificado ou por servizos de mensaxaría ao seguinte enderezo: Fundación Manuel María de Estudos Galegos. R/ Educación, 4, 7º Dta. 15.011 – A Coruña.

7.- Aspectos a valorar nos proxectos presentados

Para a análise dos proxectos presentados, nomearase unha Comisión de selección que estará composta por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito das artes escénicas, sendo presidida polo Presidente da Fundación Manuel María de Estudos Galegos ou persoa en quen delegar. Actuará de secretario, sen voto, o secretario da Fundación ou persoa en quen delegar.

A Comisión premiará un único proxecto, podendo seleccionar outros con carácter de suplentes. A súa decisión será inapelábel.

O Certame poderá declararse deserto no caso de a Comisión de Selección considerar que ningún dos proxectos presentados reúne as debidas condicións.

8.- Composición e cometido da Comisión de Selección

A Comisión de Selección tomará a súa resolución sobre os proxectos presentados tendo en conta os seguintes aspectos:

1.- A calidade, o interese e a novidade do proxecto presentado:

–Interese para a difusión da obra de Manuel María, relevancia e singularidade do proxecto presentado.

–Fórmulas de difusión que reforcen a repercusión pública do proxecto.

–Adecuación do caché de representación á magnitude do proxecto.

–No caso de ser unha obra idónea, atención á difusión do proxecto entre o público escolar con elaboración de material específico.

–O equilibrio de xénero na composición da equipa artística e de produción.

En caso de o considerar pertinente, a Comisión de Selección poderá requirir ás solicitantes calquera tipo de aclaración oral ou escrita sobre o mesmo.

2.- Traxectoria da entidade ou persoa/s que presentan o proxecto. Para estes efectos teranse en conta aspectos como a calidade e cantidade dos espectáculos producidos até a data, a difusión que tivo cada un deles e os eventos en que se programaron.

9. Dereitos de autor

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos concederá en exclusiva ao/á autor/a do proxecto gañador, durante dous anos con posibilidade de prórroga, o dereito de estrea e representación da obra que presentou a concurso, sen prexuízo dos dereitos de autoría que, de acordo coa lei vixente, se puideren derivar das representacións. Estes non superarán o 10% da recadación da venda de billetes. No caso de entrada de balde establecerase un canon fixo.

10. Premio

A Fundación Manuel María achegaralle ao proxecto premiado a cantidade de catro mil douscentos euros (4.200 €), impostos incluídos, que deberán destinarse exclusivamente á produción. Ademais, cada unha das entidades colaboradoras do certame asumirán os seguintes compromisos:

1º. Cada un dos concellos colaboradores deste Certame programarán unha representación no seu ámbito territorial, mentres que as Deputacións programarán tres. O caché establecido para esas representacións será, como máximo, o que se tiver indicado no momento de presentar o proxecto ao certame, que en ningún caso superará os 2.950 euros máis os impostos que correspondan.

2º. A Axencia Galega das Industrias Culturais, a través do Centro Dramático Galego, coproducirá a obra do proxecto gañador do Certame condicionado, en todo caso, ao cumprimento por parte da entidade adxudicataria da dita coprodución dos requisitos establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Para este fin a Agadic destinará un importe máximo de quince mil euros (15.000 €), máis os impostos correspondentes. O desfrute destas axudas é compatíbel con calquera outra de carácter público ou privado, sempre que a súa convocatoria non o impedir.

11. Calendario

• A data límite para a presentación dos proxectos ao Certame será o día 30 de setembro de 2026.

• Durante o mes de outubro de 2026 a Comisión de Selección analizará os proxectos presentados e atenderá as distintas exposicións de 15 minutos de quen o solicitar.

• Unha vez que a Comisión de Selección comunique o proxecto gañador, a compañía terá un máximo de dez meses para produci-lo e tamén estará en disposición de realizar a súa representación unha vez transcorrido tal prazo.

• A obra estará dispoñíbel para a súa representación cando menos durante un ano, a contar desde a súa estrea.

12. Obrigas das persoas ou entidades gañadoras

As gañadoras ficarán sometidos/as ás seguintes obrigas:

–Asinaren no prazo de cinco días, a contar desde a comunicación do premio, a aceptación deste e dos compromisos que del se derivan. De non se presentar, outorgaráselle o premio ao seguinte proxecto clasificado.

–Executaren integramente o proxecto nos termos presentados á convocatoria. Calquera mudanza terá de ser comunicada á entidade convocante deste Certame e contar coa súa aprobación.

–Cumpriren o convenio de actores e actrices de Galiza na produción e exhibición do espectáculo resultante do proxecto.

–Solicitaren a integración nos distintos circuítos teatrais públicos de Galiza que a normativa permitir.

–Incluíren en toda a publicidade e soportes materiais ou dixitais de difusión o texto “*Obra gañadora do Vº Certame Manuel María de Proxectos Teatrais*”, agregando ao seu carón o logo da Casa-Museo Manuel María. Farase referencia, alén diso, á coprodución da Axencia Galega das Industrias Culturais, a través do Centro Dramático Galego e á cooperación dos concellos e Deputacións correspondentes.

13. Aceitación das bases.

A participación neste concurso implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases. A entidade convocante, de acordo coa Comisión de Selección, será a encargada de realizar a súa interpretación e de resolver calquera cuestión non prevista nelas.

ANEXO 1

1. PARTICIPANTE

NOME.....
ENDEREZO COMPLETO.....
E-MAIL..... TELÉFONO DE CONTACTO
SITIO WEB.....
BLOGUE

2. PERSOA DE CONTACTO

NOME.....
DNI..... ENDEREZO COMPLETO.....
.....
E-MAIL..... TELÉFONO DE CONTACTO

3. PROXECTO

DENOMINACIÓN
DIRECCIÓN
ELENCO
.....
.....

AUTORÍA DO TEXTO:

- Adaptación
- Manuel María
- Outra

PÚBLICO DESTINATARIO (PREFERENTE):

- Familiar
- Adulto
- Infantil

MÚSICA:

- Ao vivo
- Gravada
- Propia
- Doutras/as compositores/as